

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:40:01

SAIDA

10409/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 095/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], remitida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno mediante escrito do 1 de xullo de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno o 1 de xullo de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución de 25 de maio de 2019, da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) pola que se estima parcialmente o recurso de reposición presentado polo interesado contra a resolución da dita Comisión do 12 de febreiro de 2019 pola que se lle outorga avaliación negativa para a figura de profesor contratado doutor.

O reclamante indicaba que participou nunha convocatoria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, para as figuras de profesorado contratado doutor e profesor de universidade privada. Recibiu avaliación negativa, contra a que presentou recurso de reposición e na que solicitou que en aras da transparencia, se lle especifique en cada un dos apartados e subapartados avaliábeis a puntuación exacta obtida, porque quere saber exactamente en que aspectos do seu curriculum académico necesita mellorar. Na resolución do recurso de reposición recibiu novamente avaliación negativa, contestando de forma ambigua e enmarañada, sen

contraargumentar cada unha das alegacións que presentou no seu momento, e sen a especificación da puntuación obtida en cada un dos apartados e subapartados avaliábeis.

O escrito viña acompañado de copia da resolución do 12 de febreiro da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), e copia do recurso de reposición presentado e da resolución do mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra as resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública poderá interporse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, que terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. O procedemento para a tramitación da reclamación será o establecido nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación se axustará ao establecido en materia de recursos pola normativa de procedemento administrativo vixente.

No presente caso, o reclamante participou nunha convocatoria para a obtención dunha avaliación para a contratación de profesorado universitario, e ante a resolución de avaliación negativa, presentou un recurso de reposición que foi resolto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación. Na resolución do recurso de reposición recibiu novamente avaliación negativa, e o interesado considera que se lle contesta de forma ambigua e enmarañada, sen contraargumentar as súas alegacións, e sen a especificación da

puntuación obtida en cada un dos apartados e subapartados avaliados, motivo polo que presenta reclamación en materia de acceso á información pública, dado que no recurso de reposición solicitou que se lle especificara en cada un dos apartados a puntuación exacta obtida.

Trátase por tanto dun expediente no que o reclamante participa para a obtención dunha avaliación para a contratación de profesorado, no que actúa na súa condición de interesado e se sigue un procedemento que finaliza cunha resolución, contra a que o interesado presenta o recurso que se lle ofrece, un recurso de reposición, que é resolto polo órgano competente.

O reclamante ante o seu desacordo coa resolución do recurso de reposición, presenta a unha reclamación ao Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (que a remite a esta Comisión por ser a competente).

Non se trata por tanto dunha solicitude de acceso á información pública, senón dun procedemento específico de obtención dunha avaliación, no que o interesado considera que se trata de solicitude de acceso á información, polo feito de que no escrito de recurso de reposición solicitou que se lle especificara a puntuación obtida en cada un dos apartados avaliados.

A reclamación por tanto non pode ser admitida por porque a reclamación non se dirixe contra unha resolución en materia de acceso á información pública, senón contra a resolución dun recurso nun procedemento de avaliación no que o reclamante ten a condición de interesado.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ contra a resolución de 25 de maio de 2019, da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) pola que se estima parcialmente o recurso de reposición presentado polo interesado contra a resolución da dita Comisión do 12 de febreiro de 2019 pola que se lle outorga avaliación negativa para a figura de profesor contratado doutor.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.